



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR (CURSO ESCOLAR 2022/2023)

Segundo a Orde do 29 de abril de 2022 (DOG do 18 de maio), pola que se regula a **participación no fondo solidario de libros de texto** e se convocan axudas para **adquirir libros de texto e material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en **educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial**, para o curso escolar 2022/2023 (código de procedemento ED330B).

A solicitude faise toda no mesmo Anexo: Fondo de libros, adquisición de libros e material escolar.

Presentación

Deberán presentar a solicitude cubrindo o **Anexo I e II** que poderán recollelo no propio Centro ou directamente do DOG do 18 de maio de 2022 (páxinas 29015 á 29018) ou tamén na páxina web do Colexio <http://www.edu.xunta.es/centros/cpivirxedasaleta/>. Se a solicitude se presenta no centro docente onde está matriculado o alumno, presentarase orixinal e copia da documentación, co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais.

Na convocatoria actual os cidadáns poderán, ademais, realizar a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación e o centro pode recuperala).
- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Neste suposto o centro recibirá un aviso no seu correo electrónico que lle informará de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

Xunto cos **Anexos I e II** deberán presentar no Centro a seguinte documentación:

Alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

a) Libro de familia onde figuren todos os membros computables.

Só no caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día **31 de decembro de 2020**, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
- Certificado de defunción.

b) E de ser o caso:

- **Grao de discapacidade:** Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se non fose emitido pola Xunta de Galicia.
- **Violencia de xénero:** Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- **Incapacitación xudicial coa patria potestade prorrogada ou rehabilitada:** Resolución xudicial.

Alumnado de EE, con discapacidade $\geq 65\%$ ou en tutela ou garda da Xunta de Galicia.

O alumnado de educación especial ou con discapacidade $\geq 65\%$, de ser o caso:

- **Grao de discapacidade:** Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se non fose emitido pola Xunta de Galicia.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia:

- **Resolución administrativa ou xudicial xustificativa** do acollemento ou do certificado do centro de menores.

A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

IMPORTANTE: O Anexos I e II deberán entregarse no centro perfectamente cubertos en TÓDOLOS seus apartados, asinando na folia 5 e 6 os membros da unidade familiar que corresponda e dando o consentimento expreso para consulta da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As solicitudes entregaranse no Centro e presentarase unha única por familia para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022/2023.

O prazo de presentación das solicitudes será: ata o 22 de xuño de 2022.

Obrigas dos beneficiarios

Para optar a ditas axudas é imprescindible ter devolto os libros adquiridos no pasado curso 2021/2022 antes do día **22 de xuño** deste ano.

